




Así, Así?

O bebé é o protagonista da súa vida 0 a 3

XUNTA DE GALICIA

**Edita:**

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social,
Dirección Xeral de Maiores e Persoas con
Discapacidade, 2017

FUNDACIÓN IGUALARTE

Cristina Lago

Educación Especial
Atención Temperá

Ana Sala

Bióloga especialista en
neuroestimulación

Colaboraron:

Manuel Vilela

Pediatra

Jorge Vázquez

Psicólogo infantil

Nuria Baquero

Logopeda



Así, Así?

O bebé é o protagonista da súa vida 0 a 3

Fundación Igualarte

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Santiago de Compostela, 2017

ASÍ, ASÍ?



A Consellería de Política Social presenta esta guía *Así, así?* co ánimo de dar respostas sinxelas a preguntas habituais das persoas que están inmersas na crianza dun neno ou nena nos seus primeiros 3 anos de vida.

É por isto que esta guía, dedicada aos nenos e nenas nesta etapa fundamental da vida, tamén nos gustaría que fose unha ferramenta útil para todas as persoas que os crían, coidan e miman ou mesmo para aquelas persoas que os teñan pola súa volta.

Porque a chegada dunha nova vida sempre supón afrontar multitude de sentimentos para as persoas que rodean o bebé, é polo que *Así, así?* pretende ser unha compañeira de viaxe que tranquilice ante a ansiedade e os medos, que transforme a preocupación en aprendizaxe e, sobre todo, unha compañeira que nos invite a gozar do noso fillo ou filla, dos nosos nenos e nenas, desde o coñecemento e a curiosidade.

Así, así?, amósanos e transmítenos o marabilloso camiño da evolución dunha nova vida, dunha maneira sinxela e directa, calidades que veñen dadas por ser elaborada a partir da experiencia cotiá das e dos profesionais que colaboraron nela.

O documento, que poñemos á disposición de toda a cidadanía, trata os aspectos imprescindibles da crianza dos nenos e nenas de 0 a 3 anos e pretende ser, ante todo, unha ferramenta práctica, tanto para prever os trastornos do desenvolvemento coma para orientar as familias e os profesionais.

O obxectivo da guía é axudar a todas as persoas interesadas pola crianza, e especificamente ás familias e aos profesionais, a entender máis e mellor unha etapa da vida que é clave para as idades posteriores, tanto da nenez coma da etapa adulta, de cara a xerar personalidades máis seguras, máis autónomas e máis sas, no sentido global deste termo.

Desde a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, presentamos esta guía titulada *Así, así?* sobre a atención integral dos nenos e nenas de 0 a 3 anos co desexo de que sexa un documento de interese para todas as persoas; para o que estará dispoñible para a súa consulta pública na web da Consellería de Política social: <http://www.xunta.gal/politicassocial>.

José Manuel Rey Varela

Conselleiro de Política Social



Dedicatoria



Esta guía está dedicada a todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos, co profundo desexo de que sexa unha axuda máis para que cheguen a ser realmente protagonistas da súa vida, e de que os seus pais e nais xunto coas persoas que os rodean asuman e desenvolvan o papel de acompañar, coñecer, respectar, aceptar e, sobre todo, gozar.

*Non
perdades o
crecemento
do voso
fillo ou filla!*


ASÍ, ASÍ?



Índice



1. Introducción.....	13
2. Como utilizar a guía.....	15
3. Carta aos pais.....	17
4. Carta aos profesionais da contorna do bebé.....	19
5. Falamos do desenvolvemento?.....	21
6. Eu son o protagonista. Etapas do desenvolvemento.....	25
7. Así si.....	41
8. Axúdalle se.....	45
9. Así non.....	47
10. Non pases por alto, observa con calma por trimestre.....	53
11. Non pases por alto nada disto en calquera etapa.....	55
12. Epílogo.....	57
13. Bibliografía.....	59
14. Recomendacións.....	61



1. Introducción

Cando me propuxeron escribir unha introdución para esta guía emocióneime, e teño que confesar que para min foi algo realmente fermoso.

Aconteceu que unha tarde que atopei a Ana e Cris, entre os saúdos elas propóñenme que lea un traballo que están a facer por encargo da Consellería de Política Social, tan pronto aceptei e case sen acabar de sentarme, comezaron a ler.

Son coñecedor da profesionalidade de Ana e de Cris, polo que tiña asegurado que ía escoitar o resultado dun traballo ben feito, aínda así conseguiron sorprendeme, unha vez máis.

Esta é unha guía onde a experiencia se transforma en honestidade e sinceridade, e onde o punto de partida é sempre o neno. Unha guía onde se ten presente a perspectiva dos pais e os seus posibles medos, e onde nunca se perde a visión do marabilloso que é o milagre dunha nova vida.

Creo que esta ferramenta, que está ao alcance de todas as persoas, contén algo do que cada día se afasta máis a nosa sociedade, que é por un lado a simpleza e a nudez coa que vén a este mundo cada bebé, e por outro a rotundidade que dan a experiencia, o traballo en equipo e o respecto pola persoa que temos en fronte, sexa adulta ou nena.


Desde un punto de vista persoal, debo admitir que esta guía fixo que me reformulase cuestións que, sen me decatar, fun deixando de lado ou non mantiven en primeiro lugar, no transcurso da miña vida profesional pero, sobre todo, fíxome viaxar por ese mundo increíble que é o mundo do bebé, do neno ou nena, da persoa.

A guía está impregnada da sensación de ir cara adiante, da convicción de que no canto de preocuparse hai que ocuparse, e do convencemento de que os medos non nos poden afastar do acompañamento na evolución do noso bebé.

Por todo isto, deixo a un lado o goce particular desta fermosa guía e convidovos a que fagades con ela a marabillosa viaxe que vos brinda *Así, así?*.

Marcos Estévez Vila

Fundación IGUALARTE





2. Como utilizar a guía

Imos cambiar a mirada.

Por que?

Porque, ata os tres anos, nenos e nenas están a configurar a súa autoestima e a seguridade en si mesmos. Se aos tres anos desconfían das posibilidades do seu corpo en movemento e se desenvolven con medo, estanse a sentar as bases dunha grande inseguridade para o seu futuro.

Porque nos bebés xa está todo en potencia; polo tanto, todas as persoas que rodeamos o bebé necesitamos saber como respectalo, como respectar os seus tempos madurativos e como proporcionarlle os medios para que sexa o protagonista da vida que acaba de comezar.

Que significa que sexa o protagonista da súa vida? O bebé, como ser humano, vén con todas as facultades para se desenvolver e nós debemos acompañalo na súa curiosidade, no descubrimento da súa contorna, no pracer que isto lle vai proporcionar.

De que xeito?

Facilitándolle as experiencias, sabendo recoñecer e aceptar as súas eleccións, entendendo que apurando un proceso non gañamos tempo, nin intelixencia, nin tampouco coordinación; todo o contrario, estamos limitándolle as súas oportunidades de experiencia e de maduración e, en definitiva, estamos limitando a súa felicidade.

Esta guía, concibida desde o punto de vista do bebé que acaba de nacer e que se enfronta á vida, desagregase por etapas de desenvolvemento e está elaborada, para todos os nenos e nenas e coa idea posta en eles e elas, na súa mellor crianza e maior benestar.

ASÍ, ASÍ?



Os apartados son:

Etapas de desenvolvemento

O meu desenvolvemento contándoches como medro desde que nazo ata que me dou conta de quen son eu.

Así si

É unha aposta pola felicidade e o gozo natural do bebé e, consecuentemente, das persoas que o acompañan. Este apartado propón un maior coñecemento e conexión co bebé desde a súa realidade.

Así non

A palabra “non”, lonxe de supoñer unha prohibición, quere ser unha proposta para abandonar posicións forzadas, visións erradas. Este “Así non”, ten por obxecto manter o bebé á marxe de todo aquilo que é alleo ás súas necesidades, na procura de evitar actitudes ou desaconsellar comportamentos que pretendan adiantar etapas; non hai que buscar fórmulas para adiantar procesos.

Non pases por alto e invitámosche a observar con calma

Porque cada bebé ten os seus períodos madurativos e pode haber algún desaxuste no desenvolvemento que se corrixe só. No caso de que algún deses desaxustes persista, é o momento de actuar e de consultar coa persoa ou equipo profesional máis axeitado.

Non esquezas ler o epílogo



3. Carta aos pais



Ola!

Cheguei e elixinvos a vós, sodes meu pai e miña nai. Din que ser pais é a maior e máis rica experiencia de toda a vida, e aquí estou para que o comprobades.


Quero contarvos que o da miña crianza non é difícil, mais ben é fácil, porque imos facer o camiño xuntos.

Xa sei que me vedes, pero por favor mirádeme tamén, observádeme e acompañádeme no meu día a día.

Non adiantedes procesos, non vos estresedes, non vos anticipedes, nin me xulguedes.

Conectade comigo desde o máis esencial, desde o voso corazón, e deixade que a vosa intuición vos invada e vos guíe.

Confiade nela e gozádeme, así eu tamén gozarei de vós.



Son o amo do meu destino.
Son o capitán da miña alma.



Willian Ernest Henley

4. Carta aos profesionais da contorna do bebé


Necesito dicirvos unha chea de cousas porque acabo de nacer e quero que me miredes cos meus propios ollos. Imos compartir moitos momentos da nosa vida e necesito que lle dediqueades tempo a coñecerme, canto mais coñecemento teñades de min mellor vai ser a miña vida.

Vaime encantar ter un oco no voso corazón, e descubrir xuntos a aventura desta nova relación. Se mo permitides, vouvos contar moitas cousas que me van axudar a medrar axeitadamente e vos van axudar a entenderme e a mirarme como eu necesito.

Preciso que me entendades; querédeme e acompañádeme tal e como son.

Por iso, pídovos que me acompañedes mirándome e propiciándome espazos para elixir, explorar e investigar con liberdade. Si, si, con liberdade! porque me gusta decidir e ser o protagonista da miña vida.

Gústame que me entendades, aceptedes e respectedes, tal e como son.



5. Falamos do desenvolvemento?

O bebé nace cun sistema nervioso perfectamente estruturado, pero non conectado, e cuns reflexos primitivos tamén perfectamente estruturados que se empezan a desenvolver desde o útero materno.

Estes reflexos axúdanlle a nacer e a sobrevivir nos seus primeiros meses e son os responsables do movemento do bebé. Movementsos que se van facendo conscientes dándolle información do seu corpo, conectándoo con todo o que o rodea. É o que vai proporcionar todas as conexións e vías neurolóxicas no seu sistema nervioso.

O desenvolvemento psicomotor é o factor máis importante na conexión neuronal do sistema nervioso. Pódese dicir que o movemento é o seu alimento.

O sistema nervioso está detrás da psicoloxía humana, do comportamento, da conduta, da linguaxe. É o seu soporte funcional.

Son funcións do sistema nervioso percibir, interpretar, relacionar, ler, escribir, calcular, sentir, pensar, deducir, desenvolver procesos lóxicos, memorizar, sentir a motivación...

O desenvolvemento significa montar peza por peza, formando elos nunha cadea. Estes elos teñen que estar igualmente estruturados e sólidos.

Se saltamos un elo, creamos un punto débil; é dicir, un elo menos debilitaría o desenvolvemento. O funcionamento do cerebro, especialmente do sistema límbico, do corpo caloso e do córtex cerebral, é fundamental nos procesos de hominización, como a aprendizaxe, a planificación, a conciencia, o pensamento, o autocontrol, os sentimentos e a linguaxe.

ASÍ, ASÍ?

Ao nacer, practicamente todas as nosas estruturas son dobres e debemos chegar a configurarnos como un sistema único. Ao cerebro chégalle a información destas estruturas dobres e ten que interpretalas e unilas.

O corpo caloso ocúpase de relacionar todas estas estruturas, percepcións e informacións dobres para contrastalas e unificalas, e faino conectando os dous hemisferios de maneira que traballen conxuntamente. A súa estrutura e a súa función desenvólvense grazas á interacción do neno co seu ámbito, participa en todas as accións relacionadas coa aprendizaxe consciente e inconsciente e é moi importante na maduración humana ao longo de toda a vida. Está moi relacionado co sistema límbico (impactos emocionais), e é a clave do seu bo funcionamento para acadar un equilibrio emocional e conseguir a coherencia e a sincronía de moitas funcións complementarias.

O corpo caloso non é un simple feixe de fibras de conexión, senón que debe conseguir que os hemisferios se entendan, e para iso terá que activar ou inhibir as funcións das áreas implicadas de cada hemisferio.

O corpo caloso é a estrutura cerebral que nos permite evolucionar como seres humanos, expandir o eu, a conciencia e, o que é máis importante, converternos nunha unidade.

Os alicerces do sistema nervioso vanse consolidando sen que ningún quede débil e, ao redor dos seis anos, todas as estruturas dobres coas que formamos sistemas únicos empezarán a dirixirse desde un dos hemisferios, que será o hemisferio de referencia, o que posúe as coordenadas que nos permiten organizar a información. Así construímos a lateralidade.

A posta en marcha das estruturas cerebrais segue unha orde funcional. O cerebro desenvólvese desde abaixo cara arriba, desde dentro cara a fóra e desde atrás cara adiante.


Esta orde, ademais de funcional, é xerárquica, e é moi importante para que acabemos sendo esa unidade que nos define como seres humanos completos.

- *Unidade biográfica:* cada treito do camiño apóiase no anterior.
- *Unidade funcional:* sistemas únicos formados por estruturas dobres.
- *Unidade enerxética:* as nosas estruturas física, funcional e mental non son máis que tres facetas inseparables da mesma persoa.

A etapa de 0 a 3 anos é aquela na que se estruturan as raíces do eu e constitúe o punto de partida do longo camiño de desenvolvemento que debe percorrer o ser humano. Cando o bebé nace, a adaptación ao medio é un reto novo ao que se debe enfrontar e ao que nos enfrontamos todas as persoas cada día. Nesta etapa desenvolvemos os nosos recursos e as nosas capacidades para adaptarnos ao medio e esta adaptación será mellor canto mellor desenvolvamos estes recursos e capacidades.

Podemos considerar que, a parte emocional do cerebro (sistema límbico) e a parte que conecta os dous hemisferios (corpo caloso) , constitúen a “alma do cerebro”, do potencial creativo, da intelixencia global, da imaxinación e da proxección persoal cara ao futuro.

Nesta guía queremos facer fincapé no que o bebé necesita nesta primeira etapa crucial da súa vida para que, ao que chegue aos tres anos, teña cubertas as súas necesidades de desenvolvemento cun movemento apropiado e cunha conexión adecuada co mundo que o rodea. Unha crianza axeitada ha de facerse sempre desde a tranquilidade, desde o pracer e desde o respecto a ese ser que é o bebé. E tamén tendo en conta o básicas que son as súas necesidades. Neste sentido, é fundamental ter presente que el é o protagonista, é o que sabe e quen nos ha indicar cales son esas necesidades. Se a nosa mirada está atenta, todo fluirá mellor.



6. En son o protagonista

Etapas do desenvolvemento



De 0 a 1 mes

Sistema nervioso

- Xa estou convosco, parézovos moi fráxil, pero non vos preocupedes porque veño totalmente preparado.
- Neste mes necesito organizarme por dentro, aprender a respirar, a comer, necesito que a miña barriguiña dixira o leite, que os meus zumes gástricos actúen, as miñas hormonas, que todo o meu corpo termine de madurar. Estou nun medio novo!
- Por iso teño que durmir moito. Non me espartedes se non é por algunha excepción. Cando teña fame, esperto só, e non vos preocupedes que vos vou avisar.
- Poñédeme boca arriba cando estea esperto. Así a miña columna está en contacto cunha superficie plana que lle dá información ao meu cerebro e, ademais, podo mover os brazos e as pernas, podo mover a cabeza para un lado e para outro. E todo isto infórmame do meu corpo, do meu espazo.
- Ah! Infórmovos de que nesta etapa teño activo o reflexo de mouro, que me serve para chamar a vosa atención e, así, hei chorar se hai algo que non me gusta ou cando teña fame. E, nese momento, necesito que me deades unha aperta e me fagades caso para que me sinta seguro. Esa seguridade necesítoa para explorar a miña contorna e para saber que sempre vos vou ter nos momentos en que vos necesito. Así fágome valente e independente. Non deixedes de abrazarme. Se me sinto inseguro, o meu estado de alerta continúa e iso pódeme facer un neno asustadizo e medorento.

Desenvolvemento psicomotor

- Aínda que podo levantar un pouco a cabeza cando estou boca abaixo, levántoa para non me asfixiar, non me gusta esa posición; estrésome, non me deixa mover nin os brazos nin as pernas.
- O meu corpo reacciona ante a presenza da miña nai, e ides darvos conta porque me gusta a súa proximidade, gústame que me atenda, que me fale e que me alimente.
- Fixo a miña mirada na súa cara, de onde procede a súa voz. Asústanme as luces fortes, os rúidos fortes, sobresáltome, non me gustan nada.

Desenvolvemento da linguaxe

- Comunícome a través do choro buscando que satisfagas as miñas necesidades: fame, sono, dor, compañía.

Desenvolvemento social e emocional

- Só quero relacionarme coa miña nai. Por que? Pois porque a súa voz e o seu olor sonme familiares, forman parte de min. Entendédeme, cando choro e vindeis atenderme, consolarme e protexerme; para min é fundamental porque me axuda a adaptarme a esta nova forma de vida. Se algo necesito, choro porque sei que me vas apertar e protexer, e iso é o que eu desexo. É o meu período de adaptación e quero que me comprendas.

3 meses

Sistema nervioso

- Os meus biorritmos de alimentación e sono/vixilia están máis regulados e paso máis tempo esperto.
- Non esquezades poñerme no chan, así poderei empezar a aprender a moverme con plena liberdade e dominio.
- Xa sabedes que nacín flexionado e, grazas aos meus reflexos primitivos e á sensación de gravidade, voume despregando.
- Os meus ollos xa se incorporaron aos poucos a formar parte da miña vida. No momento en que fixo a miña cabeza, os meus ollos empezan a enfocar.
- O meu sistema nervioso está integrando a liña media do corpo e a miña cabeza é o punto de referencia.

Desenvolvemento psicomotor

- Podo apoiarme nos meus antebrazos cando ti o necesites.
- Movo a cabeza para seguir algo que me chame a atención.
- Hai tempo que sorrío, pero agora doume conta e fágoo conscientemente cando me dis cousiñas porque me producen pracer.
- Sosteo a cabeza. Recoñezo as miñas mans e gústame xogar con elas, chupalas, porque as vexo cos dous ollos (a miña liña media).
- Dirixo a mirada ao que me interesa e tamén me dirixo cara ao que oio.
- A miña boca agora converteuse no meu maior órgano de exploración.

Desenvolvemento da linguaxe

- 2 meses: O meu choro cambiou porque recoñeces o que che pido. E son capaz de sorrir cando me miras.
- 3 meses: Empezo a experimentar coa miña voz e doume conta de que son capaz de facer sons guturais e algún tatexo. Sérvenme para expresar pracer (“gagá”, “gugú”) e tamén desagrado (“nga”, “ngá”).
- Xa son capaz de distinguir as entoacións, a ledicia, a sorpresa, o temor, especialmente as do meu pai e da miña nai.

Desenvolvemento social e emocional

- Agora empezo a comunicar as miñas emocións por medio do meu choro e do meu sorriso. Gústame tanto que me entendas..., sei que se me miras nos habemos atopar.

4 e 5 meses

Sistema nervioso

- Cada vez gústame máis estar no chan, non o esquezas. Aprendo a ordenar e a interpretar o espazo.
- Xogo a estender os brazos e as pernas e xa relaciono o movemento. O meu cerebro está unificando a información do meu corpo e elabora as respostas do meu movemento. Estanse formando circuítos de conexión superior.
- Cando viro a cabeza, arrastro o pescozo e parte do corpo, pero as pernas non me seguen. Son intentos de dar a volta.

Desenvolvemento psicomotor

- Deitado, podo empezar a saber que me podo virar. Aínda non o consigo, pero intúo que é o camiño cara á liberdade.
- Os meus pés tamén me interesan e como os vexo lonxe obríganme a mover o meu corpo, sobre todo doume conta dos meus ombreiros, do meu tronco, das miñas cadeiras e das miñas pernas... teño corpo!
- Se me dás algo para coller e soa, vouno volver coller e repetir cantas veces queira porque me gusta.

Desenvolvemento da linguaxe

- Interésome polas persoas da miña contorna e estou atento aos sons e ás voces que me rodean. Sigo experimentando e xogando coa miña voz e dáme moito pracer. Descubro o riso!! E encántame.

Desenvolvemento social e emocional

- As miñas vocalizacións van cargadas de ganas de comunicarme, sobre todo co meu pai e coa miña nai. Por iso quero que cando o faga me atendas, que intentedes interpretar o que digo e que me contestedes para que cada vez me guste máis falar e comunicarme convosco.

6 meses

Sistema nervioso

- Deixádeme cada vez máis tempo no chan. É o que me dá liberdade, autonomía e control do meu corpo.
- Nesta nova etapa de boca abaixo, vou descubrir todos os movementos de desprazamento. Agora vexo cousas de lonxe e vou querer collelas, e voume amañar eu só para moverme e alcanzalas! Son capaz de virar sobre a miña barriga porque as miñas pernas, os meus brazos e a miña cabeza están xa coordinados por un patrón de motricidade global.
- Aínda non me sentedes, por favor, deixádeme que me mova, que busque, que fisure, que teña capacidade de decidir o que me interesa.

Desenvolvemento psicomotor

- Xa empezo a dar a volta.
- Collo cousas voluntariamente. Xa sosteño cousas nas miñas mans. Gústame golpear os obxectos. Lévoos á boca para exploralos.
- Estou atento a todos os sons e, se os recoñezo, xa non me asustan. As voces xa me son familiares de lonxe.

Desenvolvemento da linguaxe

- O meu tatexo é máis variado e empezo a querer imitar sons que escoito ao meu redor. Ademais de tatexar, podo dicirche cousas e son capaz de esperar a túa resposta e de dialogar.

Desenvolvemento social e emocional

- Alégrome ante as caras que coñezo.
- Non me gustan as que non coñezo.
- Distingo o que prefiro: xoguetes, persoas, cancións, xogos...
- Gústame rir e facerte rir.

7 e 8 meses

Sistema nervioso

- Dou a volta case sen darme conta, é unha manobra automática e fareino dun lado ou outro segundo o meu interese no que oía, vexa ou poida tocar. Podo mover a cabeza, os brazos e as pernas de forma independente.
- Tamén vou aprender a volver á postura de boca arriba. Ao principio, vou dar croques, pero non te preocupes, non os evites, estanme dando moita información, son fallos do equilibrio que vou ir calculando e superando, así as miñas costas e o meu pescozo cada vez son máis fortes. Danme información do meu corpo, do control da miña cabeza e estímílanme o reflexo de caída. Deste xeito, as miñas mans quedan libres cando estou boca abaixo. Estou conquistando a miña extensión.
- Deixádeme no chan sempre que sexa posible, este é o xeito de que me enfrente a problemas novos que me van desequilibrar. Por exemplo, cando me cae un obxecto e non son quen de o acadar, vereime na obriga de desenvolver recursos para conseguir o que quero.
- Xa son capaz de emocionarme cando vós vos emocionades comigo. Motívame, quero repetir o que vos pon contentos. Isto prodúceme vontade, desexo, atención e aprendo moitísimo. É tan importante para min que creo que me vai durar toda a vida.
- Sabes?, Estou aprendendo moito e moitas cousas importantes, ademais, cada vez son mais consciente de min mesmo.

Desenvolvemento psicomotor

- Xa me viro e son capaz de ir na busca de obxectos que me gusten movéndome circularmente e cólloos. Estoume a preparar para facer unhas carreiras arrastrándome.
- Podo meter a perna debaixo de min e sentarme.
- Os xoguetes pásoos dunha man á outra.
- Cando quero que me collades, dígovolo estendendo os meus brazos.
- Podedes sentarme nunha trona para comer porque me gusta mirar o que me rodea.
- E tamén me gusta tirar as cousas e ver como caen e o ruído que fan, é moi divertido e ponme moi contento!!

- As miñas costas colleron moita forza porque o arrastre estame poñendo musculoso e son capaz de levantar o cu, creo que isto é interesante porque vou poder agatuñar.
- Estou dominando o meu corpo. Podo cambiar de postura e, por exemplo, se estou deitado podo dar a volta; se algo me chama a atención, podo ir collelo; levanto o meu cuíño, séntome e doume conta de que me sosteño a catro patas e son capaz de sentar nos meus talóns.

Desenvolvemento da linguaxe

- Como me gusta agora parolar e repetir: papapapapa..., tatatatata..., babababab..., penso que estou falando! e como me gusta oírme! Que pracer...
- E, se cadra, xa son capaz de imitar algunha palabra curta.
- Xa me movo máis e isto fai que non dependa tanto de vós e que me dea por explorar. Cando falo contigo non o fago só para pedirche cousas, senón para chamar a vosa atención sobre algo que me gusta e que quero que vexades. Encántame que me deades obxectos mirándome á cara e dicíndome o nome. Isto fai que cada vez me guste máis comunicarme.

Desenvolvemento social e emocional

- Gústame rir e facerte rir.
- Se algo non me gusta, enfádome e notádelo.
- Póño-me triste se me separo da mamá.
- Síntome moi orgulloso dos meus logros, xa que empezo a atopar solucións.
- Empezo a explorar o mundo e iso dáme moita seguridade.

9 e 10 meses

Sistema nervioso

- Xa teño un sistema nervioso capaz de desenvolver novas conexións porque cada vez percibo máis estímulos e, sobre todo, teño desexo de alcanzalos.
- Dirixo os meus ollos cara ao mesmo punto focal, aínda que non vexo en tres dimensións. Podo dirixir a mirada cara adiante.
- O tacto fascíneme, toco e chupo todo porque iso dáme unha información que enriquece as redes de conexión e os meus circuitos neurolóxicos; deste xeito, o que consigo é construír as imaxes de representación mental do que collo. Estou perfeccionando a miña forma de moverme. Agatuño coordinando o brazo dereito coa perna esquerda e o brazo esquerdo coa perna dereita. Con este patrón estoume a preparar para andar, correr, pedalear, saltar á pata coxa, subir e baixar escaleiras...
- Empezo a ver, a oír e a tocar de forma tridimensional.
- O meu corpo empeza a funcionar como unha unidade e o meu sistema nervioso tamén.

Desenvolvemento psicomotor

- Agatuño, déixame agatuñar, resúltame moi fácil e podo ir a onde quero. E, se teño algún apoio, podo empezar a poñerme de pé e ata anicarme a coller cousas do chan para que os meus músculos das pernas aos poucos se tornen fortes e, deste xeito, as pernas tamén se me van endereitando.
- Empezo a utilizar dous dedos da man para coller cousas pequenas (fago unha pinza co índice e co polgar) e xa son capaz de sinalar o que me gusta co meu dedo.
- Gústome moito, estou encantado e feliz se me miro nun espello.
- Non esquezas que o espello me vai encantar: mirar a miña cara, asombrarme cando me vexo, mirarte a ti ao meu lado no espello...
- As miñas mans acompañanme cando quero imitar con xestos. Por iso me gustan os xogos de imitación e o valor dos obxectos e o seu uso.
- Meto e saco cousas. E sigo tirándoas.

Desenvolvemento da linguaxe

- O meu nome é importante, xa o identifico e respondo. Ademais, recoñezo palabras cotiás: adeus, ola, non, ven...
- Comprendo moitas cousas das que me decides, o que queredes e o que non queredes que faga. Sabes? Intento repetir algunha palabra e divírtome sentindo que podo modular a miña voz. E tamén podo dicir dúas ou tres palabras.

Desenvolvemento social e emocional

- Agora é o momento dos bicos e das apertas. Encántanme! E vouno repetir unha e outra vez. Son o rei da casa, o embigo do mundo. Non é por protagonismo, senón porque agora o necesito, dáte conta de que estou construíndo o meu eu.

12 meses

Sistema nervioso

- Os meus ollos xa ven as imaxes en tres dimensións. Capto con máis precisión a profundidade e calculo as distancias.
- Agora estou experimentando cambios importantes, podo percorrer toda a casa, se oio a voz da mamá e/ou do papá, son capaz de ir a onde está, “véxoos mentalmente”. O meu corpo cambia, cada día estou máis forte. Como teño pequenos accidentes, estou desenvolvendo de forma moi eficaz e rápida o reflexo de caída que me vai protexer xa sempre.
- Canto máis me dure o tempo de agatuñar, mellor. Con este movemento teño moitas variacións corporais, biomecánicas, sensoriais e neurofuncionais.

Desenvolvemento psicomotor

- Agatuño, séntome, arrolo e empezo a poñerme de pé. Cantas posibilidades ten o meu mundo!
- Se me deixades, quero empezar a axudar a me vestir e a me espir, gústame abrir e pechar caixóns.
- Encántame percorrer toda a casa, cando algo me interesa detéñome, explóroo e sigo.

Desenvolvemento da linguaxe

- Comprendo moitas cousas das que me decides, o que queredes e o que non queredes que faga. Sabedes? Intento repetir algunha palabra e divírtome sentindo que podo modular a miña voz. E tamén podo dicir dúas ou tres palabras.

Desenvolvemento social e emocional

- Empezo a ver un camiño cara á independencia e fago as miñas andanzas, pero non me sinto moi seguro e paso de querer estar só, a non querer separarme de ti.

12 a 18 meses

Sistema nervioso

- Estou utilizando todos os patróns adquiridos cando estiven movéndome no chan.
- Cando camiño, dirixo a mirada cara a diante e escoito tamén cara a diante. O espazo desde aquí arriba é tridimensional.

Desenvolvemento psicomotor

- Logo de poñerme de pé eu só, empezo a desprazarme cos meus primeiros pasos aínda agarrado. Enseguida darei os meus primeiros pasos. Caerei, deixá-deme!, eu saberei levantarme.
- Gústame comer só, aínda que me ensucie.
- Agora, e xa que camiño, gústame arrastrar caixas e xoguetes, e levalos, traelos, empurralos...
- Empezo a recoñecer e a sinalar algunhas partes do meu corpo e da miña cara.
- Podo subir e baixar escaleiras arrastrándome.

Desenvolvemento da linguaxe

- Xa entendo case todo e pido cousas sinalando ou nomeando. Dígovos? Podo chegar a dicir ata dez palabras ou máis... e son capaz de sinalar as partes do meu corpo cando mas nomeades.

Desenvolvemento social e emocional

- Podo pasar tempo xogando noutra habitación sabendo que estades preto porque podo ir buscarvos. Gústame que confíedes en min para facer cousas e recadiños.

18 a 24 meses

Sistema nervioso

- Xa teño moita experiencia e vou incorporando o mesmo patrón que cando agatufñaba, coordino a man dereita co pé esquerdo e o pé dereito coa man esquerda. Esta forma de andar é a que vou ter sempre.

Desenvolvemento psicomotor

- Xa camiño moi seguro, estou desexando empezar, pero xa chegará. Teño moitísima axilidade, o meu corpo métese por calquera lugar porque sei arrastrarme, agatufñar e sei o que quero e podo ir buscalo.
- Fascíname xogar coa pelota porque podo tirala e collela, porque roda, porque parece que está viva!, empúrroa, póño-me enriba... Dáme pracer e por iso repito e sigo xogando e experimentando.
- Bebo e como só, collo o vaso e a culler e, aínda que me enzoufo un pouco, podo facelo ben.

Desenvolvemento da linguaxe

- Que maior me sinto!, interésome por todo o que sucede ao meu redor. Cada vez sei máis palabras e comezo a facer palabra-frase. Ademais, sei que “eu” se refire a min e que “ti” se refire a ti. E digo meu cando algo é meu.

Desenvolvemento social e emocional

- Quero autonomía, “eu só”. Fascíname explorar e darme de conta de que podo, por iso empezo a dicir que non a todo. Comprendédeme, porque nesta etapa doume conta de que a palabra “non” é moi poderosa e serve para darme conta de que ás veces podo decidir. Se algo me interesa moito e non me deixades logralo, vou chorar e anoxarme. Ten paciencia, sigo construíndome.

24 a 36 meses

Sistema nervioso

- Agora aprendo a saltar, a pedalear, a correr, a subir e a baixar escaleiras. Xa teño o patrón contralateral totalmente incorporado de xeito automático. E xa domino a flexión e a extensión de todas as articulacións do meu corpo.
- As miñas mans están totalmente liberadas e utilízoas para o que necesito.
- Empezo a utilizar a linguaxe como instrumento para fixar todo o que coñezo e para me comunicar cos demais.
- O meu córtex cerebral está definitivamente conectado e, pouco a pouco, concédeme á miña conciencia e a construír o meu eu.

Desenvolvemento psicomotor


- Empezo a saber como se xoga. Cos coches, cos bonecos, coa pelota. Sei para que serve cada cousa e xogo cos obxectos coma se as historias que invento fosen realidade.
- Sinto que a miña cabeza se organiza, porque entendo cousas como grande, pequeno, arriba, abaixo, debaixo, dentro, fóra, moitas cousas, unha cousa. Gústame experimentalas co meu corpo e sintome feliz, vivoo co meu corpo.
- Subo e baixo só as escaleiras de pé. Experimento cousas como saltar cos dous pés!
- Xa me chama a atención a roupa e podo ata espirme e tamén vestirme.

Desenvolvemento da linguaxe

- Xa falo! E encántame e quero aprender moitas palabras. É máximo que me entendas. Tamén falo cos meus xoguetes cando estou só.

Desenvolvemento social e emocional

- Por fin!, son independente.
- Podo anticipar as reaccións.
- Xa podo empezar a lles poñer nome ás emocións e gústame saber que hai moitas e moi distintas e que podo utilizalas para expresarme.
- Se podo, manipúlote e lévote a onde eu queira.
- O xogo simbólico sèrveme para coñecer mellor o mundo. Gústame imitalo.



7. Así sí

Quita o reloxo e escóitase a ti e mais ao teu bebé, que segue vinculado a ti física e emocionalmente.

No primeiro mes, o bebé necesita adaptarse ao novo medio de forma paulatina. Ha de afacerse a respirar, a comer e a asimilar o novo alimento, a durmir e a adaptarse a novas sensacións e necesidades —frio, calor, fame, dor e ata soidade—. E non nos debemos esquecer que o bebé segue sendo parte da súa nai e que non está afeito a separarse dela.

Todo isto pódelle producir susto, medo ao descoñecido, e por iso é importante que ti, a súa nai, o apertes e que o toques, que lle deas de comer o que pida e que o agarimes en todo momento e, sobre todo, cando chora.

Mírao, conéctate co seu olor, coa súa calor, coa súa pel. Acaríñoao, fálalle baixiño, mírao aos ollos, arrólaos en todas as direccións. Cando lle fales, abre ben a boca, vocaliza, xesticula, xa que para el é a túa boca é o punto de encontro na túa cara. Modula a túa voz con interrogacións, exclamacións..., que non sexa monótona. Cántalle cando o esteas arrolando. Chámao polo seu nome. Escoita os seus sons e repíteos. Non fagas que a súa rutina sexa mecánica, interacciona con el no cambio de cueiros, no baño, no paseo..., cóntalle o que estades vivindo, verás como conectades. Dálle tempo ao diálogo, non fales constantemente, xa que o podes saturar, espera a que che conteste, a que conecte co que dis e contéstalle ti.

Cámbiao de lado ao darlle de mamar ou o biberón ao durmir. Así garantimos un desenvolvemento simétrico do oído, da vista e da súa percepción. Cando está esperto, se o poñemos boca arriba permitirémoslle que mova a cabeza para empezar a ser consciente do seu corpo e da súa contorna.

Deixa que chupe as mans, xa que a boca é o seu maior órgano de exploración, e é moi importante tamén porque lle dá información de todo o que o rodea.

ASÍ, ASÍ?

Busca tempo para darlle unha masaxe, e gozade ambos dese momento. É unha interacción mutua, xa que ambos vos estades dando información senso-perceptiva.

Propoñémosche “SHANTALA, Unha arte tradicional:

A masaxe dos nenos”

Responde sempre ao seu choro e en todos os seus matices, e atende as súas necesidades, acompañao. Lévaos contigo sempre que poidas e faino partícipe da túa actividade. Así achegasarlle moita información e sensacións. Luz, cor, ruído, olor..., a súa contorna.

O chan é importantísimo porque a súa columna recibe estímulos, os seus brazos e pernas móvense libremente e a súa cabeza pode xirar para un lado e para outro. É a primeira forma de controlar o seu corpo e de empezar a dominalo.

No chan pódese estirar, o seu corpo desprégase e empeza a organizar o seu movemento. Xoga con el. Baixa ti ao chan, ao seu mundo. É importante que non o enchades de xoguets, aínda que haberá algún que é o seu preferido, e ese hai que respectalo e deixalo que escolla. Non caiades na hiperestimulación de xoguets, xa que isto confundirao e fará que non sexa capaz de seleccionar, de xogar e, en definitiva, de gozar...

Empezará a incluír os pés coma se fose un xoguete máis, deixádelle que os toque, que os chupe, que se contorsione para manexalos.

Agora necesita moverse e comezará a poñerse boca abaixo. El vai utilizar os seus movementos, as súas preferencias para empezar a dar a volta e a arrastrarse, primeiro circularmente e logo linealmente, pola curiosidade que lle produce coñecer a súa contorna, é o inicio da exploración do mundo.

Permítelle ter un espazo amplo. Non esquezas que a túa convivencia, a túa conversación, o teu xogo, o teu gozo, a túa vida co teu bebé ha de ser no seu mesmo plano, non desde arriba; debe ser cara a cara, sempre de fronte, mirándoo, conectando con el, facéndoo partícipe.

.....

Cando tire as cousas, deixádeo, está aprendendo a darse conta de que pode abrir a súa man. Encántalle poder tirar e logo mirar o traxecto, escoitar o ruído, e isto vaino repetir unha e outra vez. Segue experimentando a causaefecto.

Proporcionádelle unha bóla, vaille encantar seguila, facela rodar, chocar e que volva. Tamén lle gustará xogar cun espello, ver a súa cara, a súa imaxe; gustaralle verse a si mesmo e tamén a ti a través do espello.

Cantádelle moito con xestos, verás que te imitará e, cando os saiba, anticiparase. Isto consolida a comprensión e a comunicación.

Anticipádelle o que vai suceder con frases como: “voute vestir”, “ímos comer”... Isto axúdalle a ter seguridade e a entender as súas dinámicas. Despídete sempre do teu bebé cando marches e dille que volves. Aínda que chore, despídete, non desaparezas. Isto daralle seguridade e fará que conserve o vínculo contigo. Este concepto ensínallo co xogo do cu-cú; neste xogo aprende a que o que desaparece volve aparecer.

Permitíddelle xogar a meter e sacar obxectos. Xogar ao valor de uso con obxectos reais, como unha caixiña con obxectos cotiáns, un peite, unha esponxa, unha culler etc.

É necesario ser coherentes coas emocións; se estás co teu fillo ou filla, o teu corpo, os teus xestos, a túa cara... deben estar con el ou ela. Tanto se xogas coma se lle das a comida, se paseas... E, se non é así, explícalle como te sentes, vaino entender desde a emoción. Isto axúdalle a identificar as emocións alleas e, xa que logo, tamén as propias.

A comida é outro medio de experimentación. Deixádelle que intente meter a culler. Se come só, permitíddelle que toque a comida coa man, que experimente o sabor, a textura, o olor, a cor...



A comida tamén é un medio de relación, de convivencia, de compartir, de gozar. Non é unha necesidade soamente fisiolóxica. Non o distraias, non o persigas, permitíddelle ser consciente da súa alimentación.

Deixalle liberdade para que xogue - explore. Explicálle todo o que non entenda. Xoga á súa altura, ao seu ritmo, e recorda que xoga en paralelo. Permitelle que non queira compartir os seus xoguetes. Respéctalle que queira xogar só. O seu xogo simbólico será máis rico se segues acordándote da importancia de que o teu fillo ou filla participe nos feitos da vida cotiá, e isto ha de converterse nun hábito.

● ● ● ● ● ●

8. Axúdalle se...

- Se cando empeza a desprazarse o fai sobre as nádegas ou cunha perna enco-llida, invítao a organizar a postura de catro patas e motívaos para que descubra esta forma de desprazamento importante para as habilidades motoras oculares e de percepción.
- Se ves que tende a moverse predominantemente cara a un lado, invítao coa túa voz, coa túa cara, con xoguetes ou con cousas que chamen a súa atención no lado contrario para favorecer a simetría.
- Se o teu neno/a ten mocos permanentes ou otites recorrentes, ten en conta que isto impide a súa correcta audición. Isto pode afectar a súa escoita, a súa linguaxe, a súa comprensión. Permanece atento para evitalos.
- Se senta coas pernas separadas (W), o cu no chan entre as pernas, invítao a que sente sobre os seus talóns para que non cargue as cadeiras.
- Se mantén a pinza co dedo medio, non te preocupes, xoga con el para que utilice o dedo índice porque así logra unha maior precisión.
- Se camiña nas puntas dos pés, na súa primeira etapa de andar, obsérvao e, se persiste, podes xogar a abanear tratando de que apoie os talóns.
- Se tatexa, non te aflixas; isto é porque a súa cabeza vai máis rápida que a súa expresión. Escóitao, ten paciencia, non o angustie.



9. Así non

Este apartado non quere ser un xuízo das cousas que se podan facer mal, así que este “Así non” do que trata é de facer fincapé naquelas crenzas que van en contra do desenvolvemento natural do neno que inciden en saltar as necesidades dun sistema nervioso que rexe o desenvolvemento e que é absolutamente xerárquico. Non podemos saltar ningún elo nin pensar que podemos adiantar ningún proceso. Por isto este “Así non” é para:

- NON manter a postura boca abaixo do bebé ata que se vire el só. Isto faise na crenza de que é bo que sosteña a cabeza, pero o que se provoca é o contrario: con esa postura sobreexcítase e ténsase o pescozo porque aínda non ten a forza muscular necesaria e se levanta a cabeza é, simplemente, para poder respirar.
- NON o expoñades, e sobre todo no primeiro mes, ás aglomeracións, grandes almacéns, sol directo..., nestes casos faise na crenza de que neses espazos dorme, pero o bebé dorme para desconectar e no futuro pode asociar o sono a un mecanismo de defensa.

ASÍ, ASÍ?

- NON o inmoibilicedes, deixa que poida mover a cabeza, os brazos e as pernas libremente.

- NON lle quitedes as mans da boca, nin os xoguetes, nin os pés.

- NON o sentedes apoiándoo en coxíns. NON debe ser espectador, debe ser protagonista do seu mundo, do seu movemento, e el só o ha conseguir. Se o fas, as súas costas ténsanse, non se fortalecen e ao bebé só lle dás inseguridade ASÍ, ASÍ?

- NON ao parque. Limitádeslle o seu movemento polo que a súa musculatura debilítase. Acurta a súa curiosidade porque non pode explorar. É un aburrimento e, ademais, ve o mundo desde abaixo.

- NON ao arnés con correa, xa que lle estades delimitando o seu espazo, a súa liberdade e a súa seguridade ao moverse.

- NON teñades présa porque camiñe. Arrastrarse e agatuñar proporcionánlle a mesma autonomía e asegúranlle a mesma percepción visual, unha boa coordinación e o fortalecemento de todo o seu corpo. El só decidirá poñerse de pé para ir fortalecendo e endereitando as súas pernas.

- NON o poñades de pé, xa que as súas cadeiras non son o suficientemente fortes e as súas pernas poden quedar arqueadas.

- NON o collades dos brazos para dar os seus pasos. El faino só porque así fortalece os músculos das pernas e vainas poñendo dereitas. Integra aos poucos o movemento e el só se botará a andar. Deixádeo que caia e que busque como levantarse só.

- NON utilicedes o andador, nunca. Imaxinade que poñemos nunha cadeira de rodas a unha persoa que camiña, sería o mesmo.

- NON o fagades subir e baixar escaleiras collido da man. Pola súa seguridade, ten que aprender a agatuñalas. xa saberá cando está preparado e pedirávollo para facelo de pé.

- NON xulguedes o que fai o voso fillo ou filla. Non o cualifiques de bo nin de malo. O importante é que se sinta ben co que fai. Exprésalle o que produce en ti e o que el sente ao facelo.

- NON comparedes con ninguén, nin en positivo nin en negativo.

- NON manipuledes o seu xogo. Que el dirixa o xogo e vos facede compañía. Así, descubrirá para que serve cada cousa, porque a súa percepción pode e debe ir a onde el queira. Por exemplo, un lapis pode ser un avión para el e o sol pode ser verde.

- NON adiantedes coñecementos. Por exemplo, bits con letras, números, cultura xeral... É tempo que perde. E velaquí os motivos:

- Non lle interesa e non o vai aprender
- Estados restándolle o tempo da etapa na que está.
- Non está gozando dos seus intereses.
- Estados interrompendo as súas verdadeiras inquietudes. Recordade, estariades debilitando o elo.

- NON pode compartir o seu xogo nin os seus xoguetes. Está na etapa do “xogo NON compartido”.

ASÍ, ASÍ?



- NON lle rifles, comunícate.



- NON lle berres, fálalle.



- NON o abafes, espérao.




- NON vaias con présas.





ASÍ, ASÍ?



10. Non pases por alto, observa con calma

Por trimestres

Se ao terminar os tres meses...

- Non fixa a mirada.
- Hai unha irritabilidade permanente.
- Ten sempre o dedo polgar metido dentro da man.
- Non sostén a cabeza e a deixa colgada cara a diante ou cara a atrás.

Se ao terminar os seis meses...

- Non sorrí ante ningún estímulo.
- Non dirixe as mans para xuntalas e coller obxectos.
- Ten as mans permanentemente pechadas.
- Rexeita o contacto físico.
- Non tatexa nin por imitación.

Se ao terminar os nove meses...

- Non hai intención de dar a volta.
- Non se sostén sentado.
- Non manipula ningún obxecto.
- Non se orienta cara a unha fonte de son.

Se ao terminar os doce meses...

- Hai indiferenza ao separarse das persoas de referencia.
- Se mostra apático ante a súa contorna.
- Non emite ningún son.
- Non comprende a linguaxe de uso cotián.
- Non intenta poñerse de pé.
- Non fai a pinza.

Se ao terminar os quince meses...

- Non responde ao NON.
- Non comprende xestos de comunicación, cancións...
- Non se sente atraído por xoguetes...

Se ao terminar os dezoito meses...

- Non usa ningunha palabriña.
- Non comprende o nome de cousas cotiás.
- Non responde a ordes simples.
- Non se comunica afectiva ou xestualmente.
- Non se calma con nada.
- Non camiña.

Se ao terminar os vinte e catro meses...

- Non constrúe palabra-frase (dúas palabras).
- Non hai xogos de imitación.
- Non sinala ningunha parte do seu corpo.


Se chegados os tres anos...

- Non hai indicio de xogo simbólico.
- A linguaxe (moita ou pouca) non acompaña o xogo.
- Repite rutinas ou estruturas sen unha finalidade comunicativa e fóra de contexto.

11. Non pases por alto nada disto en calquera etapa

- **Condutas de teima con algo.**
- **Indiferenza cara á súa contorna.**
- **Irritabilidade case permanente.**
- **Estereotipias.**
- **Linguaxe ecolálica; repetitiva con sílabas ou palabras.**





12. Epílogo

Nas relacións cos nenos/as temos que ter moi en conta a forma de expresarnos e como nos expresamos, como transmitimos as ideas, porque para eles esa é a única realidade, tal como a reciben, e iso afecta a súa forma de ser, a súa forma de relacionarse consigo mesmo/a e co mundo, en definitiva, á súa capacidade para gozar e vivir.

Son moitas as veces que facemos xuízos aos nenos/as creando expectativas que poden xerar sentimentos que non axudan a consolidar o seu EU.

O concepto de si mesmo/a vaise formando polas valoracións que vai recibindo da súa contorna. Se etiquetamos, facémoslles sentirse incapaces, corremos o risco de que nin sequera intenten facer o que sexa por medo ao fracaso, un fracaso que non é real, que está xerado polos nosos xuízos. Hai que descartar os xuízos negativos pero os positivos tamén; se cada cousa que fai o neno/a encomiámola tamén o estamos a etiquetar e estámoslle a crear unha dependencia cara ao éxito, cara á recompensa, coartando o facer, o investigar, o errar, o buscar para crecer, propiciando a súa inseguridade porque fronte aos seus actos e actitudes ten que haber, porque espera, un xuízo por parte do adulto que en definitiva limitao.

Pensamos que para un neno/a é importantísima a estimulación, pero o que facemos é adiantar procesos de aprendizaxe pensando que así serán máis intelixentes e estarán máis capacitados. Adiantarnos ao desenvolvemento natural do seu sistema nervioso pode incapacitar. Coa hiperestimulación coartamos, anulamos a capacidade de asombro, de investigación, a curiosidade..., predispoñemos o/a neno/a a que cada vez queira máis estímulos polo feito de querer máis. Os/As nenos/as frústranse, abúrranse porque son incapaces de buscar sensacións e experiencias que non sexan as que lles brindamos os adultos, coartamos o asombro, pensamos que aprenden máis rápido, pero cánsanse máis rápido e frústranse máis rápido, preguntarán menos e explorarán menos.

Deixemos que teñan os seus tempos, non ocupemos os seus tempos, non estructuremos os seus tempos. Permitamos que se aburran para que poidan poñer en funcionamento as súas estratexias e que teñan os seus tempos de calma e de silencio.

*O silencio
e a calma
NON é
aburrimiento*





13. Bibliografía

- **Siegel, Daniel J, Payne Bryson, Tina. 2001.** *El cerebro del niño. 12 estrategias revolucionarias para cultivar la mente del niño.* **ALBA.**
- **Ferré Veciana, Jorge, Ferré Rodríguez, Mar. 2013.** *Neuro-psicopedagogía infantil. Bases neurofuncionales del aprendizaje cognitivo y emocional.* **LEBÓN.**
- **Ferré Veciana, Jorge, Aribau Montón, Elisa. 2013.** *El desarrollo neurofuncional del niño y sus trastornos. Visión, aprendizaje y otras funciones cognitivas.* **LEBÓN.**
- **Ferré Veciana, Jorge, Ferré Rodríguez, María del Mar. 2005.** *cer0atres. El desarrollo neuro-senso-psicomotriz de los 3 primeros años de vida. Jorge Ferré Veciana.* **Rivas Llopis, 5 08870 Sitges.**
- **Catherine L'Ecuyer. 2012.** *Educар en el asombro.* **Plataforma Editorial.**



ASÍ, ASÍ?



14. Recomendacións

- **Imagina elefants.com** (*unha experiencia sobre o xogo espontáneo*).
- **DVD: Baby human**, “*Desarrollo y Comportamiento*”. Internacional Granada Divisa.



galicia



XUNTA DE GALICIA